Las encomiendas de gestión no podrán tener por objeto prestaciones propias de los contratos regulados en la legislación de contratos del sector público. En tal caso, su naturaleza y régimen jurídico se ajustará a lo previsto en ésta.

TERCEIRA.- PROCEDIMENTO, DURACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O procedemento e contido dos convenios interadministrativos ven disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da LRXSP, que no seu artigo 49 fixa o contido que será o seguinte:

- a) Sujetos que suscriben el convenio y la capacidad jurídica con que actúa cada una de las partes.*
- b) La competencia en la que se fundamenta la actuación de la Administración Pública, de los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes de ella o de las Universidades públicas.*
- c) Objeto del convenio y actuaciones a realizar por cada sujeto para su cumplimiento, indicando, en su caso, la titularidad de los resultados obtenidos.*
- d) Obligaciones y compromisos económicos asumidos por cada una de las partes, si los hubiera, indicando su distribución temporal por anualidades y su imputación concreta al presupuesto correspondiente de acuerdo con lo previsto en la legislación presupuestaria.*
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por cada una de las partes y, en su caso, los criterios para determinar la posible indemnización por el incumplimiento.*
- f) Mecanismos de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes. Este mecanismo resolverá los problemas de interpretación y cumplimiento que puedan plantearse respecto de los convenios.*
- g) El régimen de modificación del convenio. A falta de regulación expresa la modificación del contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes.*
- h) Plazo de vigencia del convenio teniendo en cuenta las siguientes reglas:*
 - 1.º Los convenios deberán tener una duración determinada, que no podrá ser superior a cuatro años, salvo que normativamente se prevea un plazo superior.*
 - 2.º En cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto en el apartado anterior, los firmantes del convenio podrán acordar unánimemente su prórroga por un periodo de hasta cuatro años adicionales o su extinción.*

En canto os trámites preceptivos para o seu perfeccionamento e suscripción, será necesaria a Memoria Xustificativa que neste caso pódese assimilar á exposición de motivos do convenio así como o informe xurídico emitido por esta Secretaría.

O carácter preceptivo deste informe, emitido ó amparo das funcións de asesoramento legal preceptivo previstas no artigo 92.bis.1.a) da LBRL e 3.3.c) do RD 128/2018 de 16 de marzo, deriva da esixencia contida no artigo 50.2.a) da LRXSP, e do órgano competente para a súa aprobación e o quorum requerido, que sería o Pleno coa maioría absoluta do número legal de membros da corporación, ó ser o obxecto a aceptación dunha encomenda de xestión entre outras institucións xurídicas, conforme ó artigo 47.1.h) da LBRL.

VIXENCIA DO CONVENIO: Segundo o artigo 49.h) da LRXSP, con carácter xeral a duración dos convenios de colaboración sería de 4 anos prorrogables, sen perxuízo do que estipulase a normativa específica de aplicación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Neste suposto, a normativa sectorial ven disposta no artigo 57.5 da LPG, que sinala respecto á ocupación de dominio portuario autonómico, 15 anos prorrogables, á marxe de que transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir do convenio deixándoo sen efecto, cun preaviso de catro meses de antelación.

O órgano competente para aprobar a adhesión ó convenio sería o Pleno da corporación, á vista do artigo 47.2.h) da LBRL, por maioría absoluta do número legal de membros, 7.

PUBLICICIDADE: Unha vez firmado polas partes e o Secretario acumulado desta corporación na súa función de fedatario público reservada, deberá publicarse unha reseña do convenio relativa ó obxecto, financiamento no seu caso, e partes firmantes no Portal de Transparencia municipal, en cumprimento do disposto no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

Amáis, deberá publicarse no BOP da Coruña a efectos declarativos unha vez suscrito e formalizado, conforme establece o artigo 11.3.b) da LRXSP.

Conclusión:

Infórmase favorablemente o expediente de aprobación do convenio de referencia, se así o estima o Pleno da corporación, unha vez ditaminado este asunto e a súa proposta, previa fiscalización no seu caso pola intervención municipal.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o contido do Convenio

SEGUNDO.- Autorizar ó Alcalde da Corporación, como representante legal do concello de Ponteceso, para a suscripción do citado convenio.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á entidade pública empresarial de Portos de Galicia ós efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar o convenio no Portal de Transparencia nos termos dispostos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro, así como no BOP unha vez suscrito ó estar ante unha encomenda de xestión"

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o día 18 de maio de 2026.

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o contido do "Convenio de Colaboración interadministrativo entre Portos de Galicia e o Concello de Ponteceso para a execución das actuacións de HUMANIZACIÓN DO VIAL DE ACCESO ao Porto de Corme, Concello de Ponteceso"

SEGUNDO: Autorizar ao Alcalde da Corporación, como representante legal do concello de Ponteceso, para a subscrición do citado convenio.

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo á entidade pública empresarial Portos de Galicia, aos efectos oportunos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CUARTO: Publicar o convenio no Portal de Transparencia nos termos dispostos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013 de 9 de decembro, así como no BOP unha vez subscrito, ao estar ante unha encomenda de xestión.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 21 de maio de 2026.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

2 Parte de control e fiscalización

2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 220/2026, do 1 de abril, ata a núm. 322/2026, do 29 de maio

O Concello Pleno quedou informado das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 220/2026, do 1 de abril, ata a núm. 322/2026, do 29 de maio.

2.2 Mocións de urxencia

2.2.1 Moción que presenta o grupo APIN-ESCO relativa ao muro de peche da casa núm. 3 do lugar de Somontes

O voceiro de APIN-ESCO dá conta do contido da moción

"MOCION DE APIN-ESCO

José Manuel Pose Verdes, voceiro do grupo municipal APIN-ESCO o Concello de Ponteceso ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno

EXPOSICION DE MOTIVOS

O día 16 de novembro de 2025 con motivo dunha gran tromba de auga no lugar de Somontes un muro de cierre da casa nº3 dese lugar derrubouse parcialmente pola entrada de auga desde a estrada. Dase a casualidade de que mentras esto sucedía a canalización feita polo Concello para desaugar non verquía auga ningunha, parece ser que debido a cantidade de material procedente dos incendios do verán.

O certo é que a auga entraba en gran cantidade pola finca e fixo que o muro non aguantara a presión da mesma e se derrubara. A canalización que debía recoller a auga Vai pegada a dito muro pero a auga non ía por ela senon por dentro da finca.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

A propietaria da casa e finca solicitou que o Concello amafiara o muro pois entendia que era responsabilidade do Concello ter os desaugues limpos e preparados para a recollida das augas e non estaban. Despois de distintos informes técnicos o Concello desestima a petición da propietaria da casa aducindo que foi o muro o que fixo de pantalla para que corra a auga cando en realidade a auga tifa que correr por fora da súa propiedade e non por dentro polo que o grupo municipal de APIN-ESCO propón ao pleno do Concello o seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno Municipal a que revise a proposta de revisión desestimatoria revise os informes periciais e estime o informe pericial independente . Entendemos que o Concello é o responsable do mantemento das infraestruturas municipais e polo tanto é o responsable da caída do muro"

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 3 do PSOE, 2 do PG , 1 de AXP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno rexeita a moción por seis votos en contra (seis: 4 do PP e 1 do PG e o voto de calidade do alcalde) , cinco votos a favor (cinco: 3 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e dúas abstencións dúas: 1 de AXP e 1 do GP).

2.2.2 Moción que presenta o grupo APIN-ESCO relativa a malos olores nos Caínzos

O voceiro de APIN-ESCO dá conta do contido da moción.

" MOCIÓN DE APIN-ESCO

José Manuel Pose Verdes, voceiro do grupo APIN-ESCO no Concello de Ponteceso ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno

EXPOSICION DE MOTIVOS

En Corme Aldea, a altura do número 77 nos Cainzos, @s veciñ@s levan desde o verán pasado cuns cheiros insoportables na rúa e nas propias casas . Post@s en contacto co Concello para reclamar o amaño das instalacións, estiveron na zona uns empregados así como o Alcalde e o concelleiro de obras , limparon un rexistro e romperon a canalización en tres puntos para que as augas corran pola beirarrúa provocando máis cheiros e contaminación pola zona.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Non houbo mais actuacións e a situación sigue insoportable.

Por todo isto o grupo municipal de APIN-ESCO propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO

Instar ao Goberno Municipal a reparar esta desfeita de modo urxente para que as familias poidan vivir nunha zona xa bastante degradada e que estes lugares poidan acoller familias para que o entorno rural non esmoreza."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 3 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

2.2.3 Moción que presenta o grupo APIN-ESCO relativa á obra de Picoto-Gondomil

O voceiro do PSdeG-PSOE dá conta do contido da moción.

" MOCIÓN DE APIN-ESCO

José Manuel Pose Verdes, voceiro do grupo municipal de APIN-ESCO no Concello de Ponteceso ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último pleno da corporación do 8 de abril do presente ano, APIN preguntou polas obras da pista Picoto-Gondomil que viamos paradas e que o prazo de execución das mesmas rematara. O sr. Alcalde contestou que esperaba que APIN pedira perdón pola pregunta dado que estaba a obra rematada, que había que patear mais as obras e que alguén da Xunta pasaría ao día seguinte para inspeccionar as dúas obras .

A obra en cuestión formaba parte dun contrato no que se levaban a cabo actuacións en Canasteves e no citado Picoto- Gondomil. No proxecto aparecen as distintas partidas pero a mais importante en canto a cantidade de material e que sin dubida algunha notaríase na obra é a base firme de zahorra con unha cantidade de 750 metros cúbicos e que iría compactada con 15 cm de grosor en toda a pista (1115 m. de largo por 4,5 m. de ancho por 0,15 de grosor igual a 752 metros cúbicos)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Esta obra foi certificada a pagada por decreto da alcaldía con expediente 2025/G0003/000827.

Dado que as obras non están rematadas, casi poderíamos dicir sin empezar, é polo que o grupo APIN-ESCO propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

1 Instar ao Goberno Municipal a que explique por qué non está rematada a obra de Picoto-Gondomil e por qué se aprobou a certificación nº 1 do Acondicionamiento dos camiños municipais de Canasteves e Picoto-Gondomil

2 Instar ao sr. Alcalde a que pida perdón polas declaracións no pleno anterior sobre este asunto"

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 3 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno rexeita a moción por sete votos (sete: 4 do PP, 2 do PG e 1 de AxP e cinco a favor (cinco: 3 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

2.2.4 Moción que presenta o grupo BNG relativa á planta de biogás proxectada no concello da Laracha

A voceira do BNG le a moción.

"Moción sobre a planta de biogás proxectada no concello da Laracha

Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno: Exposición de motivos: O biogás e o biometano constitúen fontes de enerxía renovábel obtidas a partir da descomposición de materia orgánica, como xurros gandeiros, esterco, residuos agrícolas ou restos da industria alimentaria. Cando son correctamente planificadas e axeitadamente dimensionadas, este tipo de instalacións poden representar unha oportunidade para mellorar a xestión de residuos e avanzar cara a un modelo de produción enerxética máis sustentábel e de proximidade.

Porén, os proxectos de grande escala promovidos cunha finalidade fundamentalmente especulativa ou comercial presentan importantes riscos ambientais, territoriais e sociais, especialmente cando se pretenden implantar en contornas rurais sen garantías suficientes nin planificación pública adecuada.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Neste contexto, a empresa Aratel pretende implantar unha macroplanta de produción de biogás no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soandres, no concello da Laracha, cunhas características que consideramos incompatíbeis coa protección do territorio, dos recursos hídricos e da calidade de vida da veciñanza.

Entre os aspectos máis preocupantes do proxecto destacan os seguintes:

- 1. A planta ocuparía máis de 95.070 m² de solo rústico en proximidade directa ao río Anllóns.*
- 2. Estímase un consumo anual de 1,5 millóns de litros de auga, extraídos do principal regato que alimenta o río Anllóns.*
- 3. Xeraría máis de 30.000 toneladas anuais de efluentes líquidos e preto de 20.000 toneladas de dixestato sólido sen un tratamento específico claramente definido.*
- 4. Prevese o tratamento de 65.000 toneladas anuais de residuos, incluídos subprodutos animais clasificados como SANDACH de categoría 2.*
- 5. O proxecto contempla a circulación diaria de arredor de 13 camións polas vías locais.*
- 6. As instalacións situaríanse a menos de 300 metros de núcleos de poboación, cun impacto significativo en termos de ruídos, cheiros e afección á convivencia.*
- 7. O proxecto prevé a creación dun máximo de 10 empregos directos, polo que o retorno económico e social para a comarca resulta claramente insuficiente en relación co impacto previsto.*

A todo isto engádese a inexistencia, na actualidade, dunha normativa específica en Galiza que regule de maneira integral a implantación e funcionamento das plantas de biogás, así como o tratamento e destino do dixestato producido. Esta situación xera unha evidente inseguridade xurídica e ambiental para as administracións e para as comunidades afectadas.

Así mesmo, a veciñanza da Laracha e da contorna manifestou publicamente a súa preocupación polos posibles efectos do proxecto sobre os recursos hídricos, a calidade do aire, a saúde pública, a desvalorización das propiedades e a eventual proliferación doutras macroinfraestruturas similares na comarca.

Este non é só un problema da Laracha, a proximidade da ubicación prevista ao río Anllóns, principal punto de captación de auga para potabilización e consumo humano no noso concello, así como a falta de estudos de caracterización real e de modelización dos posibles verquidos sobre o Anllóns, converte este problema tamén nunha ameaza directa para quen queremos seguir vivindo no Concello de Ponteceso.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Manifestar a oposición desta Corporación ao proxecto de planta de biogás promovido pola empresa Aratel no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soandres, no concello da Laracha, na súa configuración actual, polas graves afeccións ambientais, paisaxísticas, hídricas e sociais que presenta.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a non declarar este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria nin aplicarlle ningunha figura de aceleración administrativa, mentres subsistan dúbidas fundadas sobre a súa localización, o seu impacto ambiental e o modelo de xestión que o sustenta.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración urxente dunha normativa específica que regule a implantación e funcionamento das plantas de biogás en Galiza, en liña co establecido noutras comunidades autónomas, e a estudar, mentres esta normativa non entre en vigor, as posibilidades legais para suspender cautelarmente a tramitación administrativa deste tipo de proxectos.

Cuarto.- Mostrar o apoio desta Corporación á veciñanza da Laracha e reiterar o compromiso municipal coa defensa do territorio rural, dos recursos naturais e da calidade de vida das persoas que viven e traballan nel.

Quinto.- Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza, ao Concello da Laracha e ás asociacións veciñais afectadas polo proxecto."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 3 do PSOE, 2 do PG , 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por dez votos a favor (doce: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do PG , 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

2.2.5 Moción que presenta o grupo BNG relativa á gratuidade da autovía AG-55

A voceira do BNG le a moción.

"MOCIÓN PARA EXIXIR AO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA A GRATUIDADE DA AUTOVÍA AG-55

Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

Exposición de motivos:

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuita,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.

A Xunta de Galiza é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galiza, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.

A súa prolongación ata a Costa da morte, aínda hoxe non é unha realidade, pois a comarca leva demasiados anos esperando a que as administracións executen e rematen unha autovía prometida en innumerabeis ocasións, en cada unha das eleccións que se sucederon dende o ano 2003, data na que se anunciou a súa construción no famoso Plan Galiza, como compensación á comarca pola desastrosa xestión medioambiental dos gobernos na catástrofe do Prestige.

Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 Kms de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galiza perdonara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta paga á concesionaria un canon de 23 millones de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millones entre a inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconvirten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.

No consello da Xunta de Galiza celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Dicía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galiza o Sr. Rueda sobre a operación que “permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas”. Sen embargo non houbo sorte para nós, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular. Os veciños e veciñas da Costa da morte seguimos a costear unha infraestrutura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós quen pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rentable para a empresa e ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paiosaco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galiza presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que teñen coas nosas comarcas, pola falla de investimentos para desenvolver tanto a economía como o noso benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.

A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunha delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten dúcias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, aló menos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por esto último non debera cobrarse unha peaxe.

A Costa da Morte e Bergantiños, non poden permanecer inmóbeis e mirar para outro lado como se nada ocorrese, e menos cando se trata dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresarias co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.

Levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debera poñerse, porque prometeran que sería gratuíta.

Levamos 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, merecíamos, e reclamamos pero que nola fan pagar directamente a nós.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno desta corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Demandar á Xunta de Galiza a eliminación das peaxes e a instauración da gratuidade plena na autovía AG-55.

2.- Instar á Xunta de Galiza a requirir á empresa concesionaria da autoestrada AG-55, (Coruña-Carballo) a adopción de medidas urxentes para mellorar a seguridade viaria, mediante a execución dun plan integral de renovación do firme que permita corrixir as deficiencias existentes e evitar a acumulación de auga na calzada."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por dez votos a favor (doce: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do PG , 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por nove votos a favor (dez: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do PG , 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

2.2.6 Moción que presenta o BNG relativa á defensa das traballadoras e traballadores galegos en contra a criminalización das baixas laborais por parte do goberno da Xunta de Galicia



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

A voceira do BNG le a moción.

"MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA

Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

Exposición de motivos:

Recentemente, no marco do Debate sobre o Estado da Nación, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, presentou como principal medida en materia laboral unha proposta dirixida a endurecer o control sobre as baixas por incapacidade temporal. Esta iniciativa, lonxe de abordar as causas estruturais da precariedade ou a saúde laboral, supón un ataque directo aos dereitos da clase traballadora galega.

A proposta do Partido Popular parte dunha premisa insultante: situar o foco da sospeita sobre as traballadoras e traballadores, cuestionando a súa honestidade e tratando o persoal médico como cómplice de prácticas fraudulentas. Esta visión ignora deliberadamente a realidade estatística do noso país, que desmonta calquera teoría sobre o abuso da incapacidade temporal: Galiza sitúase como a segunda comunidade autónoma co índice máis baixo de baixas laborais de todo o Estado (27 por cada mil afiliados fronte á media estatal de 40).

O problema en Galiza non é o absentismo inxustificable, senón unha xestión sanitaria deficiente e unha precariedade laboral alarmante que se manifesta nos seguintes puntos:

- Sinistralidade Laboral: Galiza lidera sistematicamente as estatísticas de accidentes de traballo, con cifras dramáticas como as 43 mortes rexistradas o pasado ano.
- Colapso da Sanidade Pública: Se as baixas teñen unha duración maior no noso país, é debido ás listas de espera e ao desmantelamento da Atención Primaria e Especializada, o que atrasa inevitabilmente diagnósticos e tratamentos.
- Privatización encuberta: Esta proposta pretende utilizar o colapso sanitario como escusa para derivar competencias e recursos cara ás mutuas privadas, debilitando aínda máis o sistema público de saúde. 1 de 2Criminalizar a quen padece unha enfermidade ou sufriu un accidente laboral é socialmente impresentábel. O que cómpre non é perseguir a doentes, senón reforzar o persoal sanitario e mellorar as condicións de seguridade nos centros de traballo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro. A corporación do Concello de Ponteceso amosa o seu rexeitamento á proposta



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.

Segundo. O Pleno do Concello de Ponteceso solicita á Xunta de Galiza a pedir desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.

Terceiro. O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Xunta de Galiza a:

- Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindible para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.
- Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.
- Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.

Cuarto. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por oito votos a favor (oito: 3 do PP, 2 do PSOE, 1 do PG, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PP.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno rexeita a moción por catro votos a favor (catro: 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e cinco votos en contra (cinco: 4 do PP e 1 do PG).

2.2.7 Moción que presenta o PSdeG-PSOE relativa á posta en marcha dunha campaña urxente de vivenda protexida polo Concello de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á posta en marcha dunha campaña urxente de vivenda protexida polo Concello de Ponteceso

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España acaba de comprometer 7.000 millóns de euros para o plan de vivenda 2026, dos que o 60% os porá o Estado e o resto as CCAA. Galicia foi reticente pero finalmente aceptou. Ponteceso, non pode quedar fora desta histórica inxección de fondos.

A falla dunha política activa en favor da vivenda protexida e do aumento de demandantes en Ponteceso agrava aínda máis a galopante decadencia do Concello de Ponteceso dende que o actual equipo de goberno está á fronte da xestión municipal: abandoouse a promoción do polígono, carecemos dunha política de promoción turística sendo dos poucos concellos ausentes de Fitur, abandoouse a promoción do parque empresarial de Tella e non se loita pola ampliación, estanse perdendo todos os días actividades e o Goberno local amosa unha complacencia total mentras se desmantelan os servizos.

Para a fixación de poboación e a promoción do emprego de calidade é esencial atraer habitantes xóvenes, profesionais e familias en idade laboral. Para iso é clave unha política activa de vivenda. Cómpren iniciativas para a rehabilitación do patrimonio público en desuso: vivendas dos mestres, antigas unitarias e casas de peóns camiñeiros desafectadas, e xuntarse coa consellería de vivenda da Xunta para ofrecer solo público para a construción de vivenda protexida, ademais dunha campaña para facilitar que se anoten familias xóvenes e en idade laboral como demandantes de vivenda protexida.

A falla dunha estratexia municipal de vivenda é moi prexudicial para o noso desenvolvemento polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a solicitar unha reunión urxente coa Conselleira de vivenda da Xunta para ofrecer solo público para a construción de vivenda protexida, como os 2.000m2 de edificabilidade xunto á Galiña Azul e centro cultural de Ponteceso, en pleno casco urbano de Ponteceso, dentro dos 7.000 millóns de euros que veñen de aprobarse para vivenda en 2026..

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso á rehabilitación do patrimonio público en desuso municipal, para vivenda asequible: vivendas dos mestres, antigas unitarias e casas de peóns camiñeiros desafectadas ou que se poden desafectar, á vez que se promove unha campaña municipal para o aumento das persoas solicitantes de vivenda protexida. Ponteceso , a 26 de maio de 2026."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PG.

O presidente abre o debate.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PG.

2.2.8 Moción que presenta o PSdeG-PSOE, relativa á planta de biogás e á mina de Corcoesto

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa a

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Anllóns ten unha grande riqueza ambiental, é o punto de captación de auga municipal, e desemboca na ría de Corme e Laxe. Proxectos de tanto impacto como a mina de ouro de Corcoesto (Cabana), e a planta de biogás de Soandres na Laracha, poden estragar toda esa riqueza, e van facer devaluar o prezo das propiedades e o atractivo de Ponteceso para investir en vivenda e crear novos negocios.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ponteceso presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN A

Corporación Municipal de Ponteceso acorda rexeitar os proxectos de tanto impacto como a mina de ouro de Corcoesto (Cabana), e a planta de biogás de Soandres na Laracha, e solicita á Xunta de Galicia que os desautorice.

Ponteceso, a 26 de maio de 2026."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PG.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O Concello Pleno rexeita a moción por catro votos a favor (catro: 2 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO), cinco votos en contra (cinco: 4 do PP e o voto de calidade do alcalde) e unha abstención do PG.

2.2.9 Moción que presenta o PSdeG-PSOE, relativa á solicitude á Consellería de Educación dun plan de investimentos nos centros públicos de Ponteceso

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción.

"Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á solicitude á Consellería de Educación dun plan de investimentos nos centros públicos de Ponteceso.

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros públicos de Ponteceso viron mellorada a súa accesibilidade nos oito anos de gobernos de esquerda en Ponteceso, tanto polos investimentos do Concello como por unha activa política de demandas á consellería de educación.

Temos pedido xa apoio para a implantación dun ciclo formativo de grado superior que permita ao alumnado do grado medio sociosanitario continuar a súa formación no IES Ponteceso, todavía sen resposta pese á visita do Conselleiro.

Agora os centros públicos esmorecen, recentemente se manifestaron no IES Ponteceso polas aulas inutilizadas polas pingueiras dun tellado deficiente, non se completou o aillamento térmico dos edificios e hai numerosas carencias, o que tamén pasa no Ceip Eduardo Pondal, cuns baños moi antigos e unha necesidade de reforma case integral. Polo que respecta ao Cra, as carencias son manifestas, e pese a que destaca con novas iniciativas coma o comedor, precisa do apoio municipal para a reforma e mantemento das escolas.

O conselleiro anunciou un investimento no IES e o Alcalde anunciou que o Ceip Eduardo Pondal vai entrar no plan de nova arquitectura pedagóxica, pero non vimos nada oficial nin a adxudicación das obras, polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a solicitar unha reunión urxente co Conselleiro de educación da Xunta para conseguir que se plasmen as promesas de licitación das obras do IES e entrada do Ceip E. Pondal no plan de nova arquitectura pedagóxica, e a executar as melloras nos centros que son da súa competencia como as escolas do CRA.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta á Consellería de Educación a autorizar de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

forma urxente e para o curso 2026-2027 a implantación dun ciclo formativo de grado superior que permita ao alumnado do grado medio sociosanitario continuar a súa formación no IES Ponteceso. Ponteceso , a 26 de maio de 2026."

O presidente somete a votación incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala.

O Concello Pleno acorda incluír a moción na Orde do día da sesión para debatela e votala por sete votos a favor (sete: 3 do PP, 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PG.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

O presidente somete a moción a votación.

O Concello Pleno aproba a moción por sete votos a favor (sete: 3 do PP, 2 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e unha abstención do PG.

2.3 Pregos e preguntas

2.3.1 Preguntas do grupo APIN-ESCO

2.3.1.1 Pregunta pola dixitalización de vivendas e fincas urbanas

2.3.1.2 Pregunta cando se vai publicar o programa de verán

2.3.1.3 Pregunta sobre as xestións da Alcaldía para conseguir da Xunta de Galicia financiamento para actualizar o Plan Xeral de Ordenación Municipal

2.3.2 Preguntas do grupo BNG

2.3.2.1 Pregunta pola adxudicación do contrato menor de servizo relativo á festa do maior

2.3.2.2 Pregunta polo convenio coa empresa que financiou a Festa do maior

2.3.2.3 Pregunta sobre reunións con persoal do SAF en relación coas eleccións sindicais

2.3.3 Preguntas e pregos do grupo PSdeG-PSOE

2.3.3.1 Pregunta por que non foron invitados á comida dos maiores todas/os as/os concelleiras/os e sobre cal foi o criterio para admitir a persoas non empadroadas e/ou que non estaban xubiladas.

2.3.3.2 Pregunta cando se vai publicar o programa de verán

2.3.3.3 Pregunta se as persoas usuarias do Pinguel poderán seguir usando a instalación ata que o campo de fútbol teña nova situación.

2.3.4 Pregos do grupo APIN-ESCO

2.3.4.1 Prega que se cambie a situación da depuradora

2.3.4.2 Prega que se coloquen pantallas que informe sobre as liñas de buses

2.3.4.3 Prega que se limpen e se preparen as praias

2.3.5 Pregos do grupo BNG

2.3.5.1 Prega que se aprobe o Regulamento de participación cidadá



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2.3.5.2 Prega que formalice o apoio ao Festiletras

2.3.5.3 Prega que deixe de mentir con respecto á asistencia da oposición á Festa do maior

2.3.4 Pregos do PSdeG-PSOE

2.3.4.1 Prega que se volvan instalar os bancos baixo a marquesiña da praza do Relleno

2.3.4.2 Prega que se preste atención ao mantemento nos barrios e parroquias do concello

2.3.4.3 Prega que se publique que criterio segue o Concello para pagar carpas

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 8442893675f9f04bd2cf9512c0937195192ac1784d90fa3dcb070f3fb3637179

Non hai máis asuntos.

O presidente remata a sesión ás 22:47 h e eu redacto esta acta como secretario en acumulación. Dou fe.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.